



Proceso de Admisión de Alumnado ESO/BACHARELATO (2017-2018)

1) NORMATIVA REGULADORA

Decreto 254/2012, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, de educación. (DOG do 26 de decembro de 2012).

Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 15 de marzo de 2013).

ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 1 de febreiro de 2017).

2) PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Desde o **1 ata o 20 de marzo de 2017**

3) PRAZAS OFERTADAS

1º	ESO	34+ 9 NEAE
2º	ESO	39 PRAZAS
3º	ESO	0 PRAZAS
4º	ESO	14 PRAZAS



1º	BACHARELATO	7 PRAZAS
2º	BACHARELATO	4 PRAZAS

4) CENTROS ADSCRITOS

- CEIP Antonio Palacios
- CEIP da Cruz-Budiño
- CPI da Ribeira
- CPR Santo Tomás

5) NOTA INFORMATIVA

- ALUMNADO DO CENTRO (TEN GARANTÍA DE PERMANENCIA, NON TEN QUE PRESENTAR SOLICITUDE NESTE CENTRO).
No caso de que presente solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe (IES Ribeira do Louro).
- ALUMNADO PROCEDENTE DUN CENTRO ADSCRITO (CON RESERVA PRESENTADA NO SEU CENTRO DE ORIXE, NON TEN QUE PRESENTAR SOLICITUDE NESTE CENTRO)
O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.
- ALUMNADO SEN PERMANENCIA NIN RESERVA QUE PRESENTA SOLICITUDE DE ADMISIÓN (DO 1 AO 20 DE MARZO)
Cada alumna e alumno **só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar**, a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

O prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo, se é o caso, é do **1 ao 12 de abril** de 2016.



Publicación das listaxes do alumnado admitido e non admitido:
Provisionais **antes do 25 de abril**, definitivas **antes do 15 de maio**

➤ PARA TODO O ALUMNADO

Prazo para formalizar a matrícula:

ordinario do **25 de xuño o 10 de xullo** (alumnado sen materias pendentes)
extraordinario do **1 ao 10 de setembro** (alumnado con exames de setembro)

6) ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO:

Centros públicos adscritos de educación primaria por área de influencia:

- CEIP CRUZ-BUDIÑO:
 - a. Parroquia de Budiño
- CEIP ANTONIO PALACIOS:
 - b. Que abrangue a parroquia de San Salvador de Torneiros ata a vía do tren cara o casco urbano delimitada pola estrada PO-331 (O Porriño – Gondomar) incluíndo os barrios de A Relva, A Florida, A Mota, O Contrasto e A Abeleira e delimitada pola ruta de transporte escolar establecida na actualidade.
 - c. Por outra banda está formada cos límites establecidos polos POLÍGONOS 1, 2 e 5 da parroquia de San Rosendo de Torneiros

Centros adscritos de educación secundaria:

- CPI DA RIBEIRA
- CPR SANTO TOMÁS